

## SEMINARIO

# *“No románico as pedras falan... O caso da Ribeira Sacra”*



**DOCENTE:** Carolina Casal Chico

**DATAS:** 13, 14, 15 e 16 de xaneiro de 2025

**HORARIO:** 10:30 a 12:30 horas

**LUGAR:** Por determinar

**Prezo da matrícula:** 23 € (alumnado IV Ciclo)

26,45 € (alumnado externo) +20,69 € (seguro de accidentes)

**UNHA VEZ REALIZADA A MATRÍCULA, NON SE EFECTUARÁN DEVOLUCIÓNS AGÁS NO CASO DE SUSPENSIÓN DO SEMINARIO.**

**Prazo de matrícula:** dende o 2 de setembro ao 5 de xaneiro.

A matrícula realizarase chamando ao teléfono 881 814 588 ou ben a través da secretaría virtual no seguinte enlace.

<https://sec-virtual.usc.es/Actividades/Matricula/SeleccionaActividade.asp?IdActividad=14166>

O mínimo de estudantes matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15.

### INTRODUCCIÓN

As actuais provincias de Lugo e Ourense comparten un dos máis prezados patrimonios do pasado da Galiza: a Rivoira Sacra. Os ríos Miño e Sil convertéronse nos axentes activos da manipulación da paisaxe destas terras e as

súas augas nos primeiros camiños que estruturaron o espazo e permitiron a ida e vida dos homes e mulleres, e con eles e elas, da súa esfera espiritual. As súas marxes reunían as mellores condicións para acoller aos primeiros cristiáns que, buscando a perfección ascética, se retiraban do mundo para vivir en soidade, entregados á oración e á penitencia, en busca da súa santificación.

Instalados desde os albores dos tempos os grandes e pequenos entes monásticos poboaron o espazo deixando presente a súa base cultural e tamén cultural, reflectida na nosa historia e nunhas construcións transformadas en fitos inseparábeis da memoria colectiva deste pobo.

## **OBXECTIVOS**

- Introducir na comprensión da creatividade artística
- Aproximar o coñecemento das características e liñas básicas da produción artística románica, en particular, a cosmovisión da Ribeira Sacra
- Aproximar a súa función, o seu entorno cultural e a súa evolución, incardinando o microcosmos da Ribeira Sacra no contexto social, económico, político e ideolóxico galego, e europeo, no que foi xestado e xerado
- Achegar unha visión panorámica do Patrimonio Cultural da Ribeira Sacra, as figuras e exemplos de protección actuais e futuros de cara inminente declaración BIC Ribeira Sacra

## **METODOLOXÍA:**

De cara facilitar e favorecer a adquisición de coñecementos o seminario impartirase do seguinte xeito:

Exposición teórica. Aulas expositivas complementadas con información gráfica nas que se fará a explicación dos contidos teóricos da materia

Exposición a debate. Aulas interactivas ou participativas nas que os/as asistentes afrontarán actividades prácticas relacionadas cos contidos teóricos da materia

Práctica de campo. Visita a San Xillao de Lobios, Santa María (Divino Salvador de Pantón) e San Miguel de Eiré (Igrexas que poderán cambiar segundo necesidades).